



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE DE FEBREIRO DE 2019, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

| | |
|-----------------|---|
| Presidente: | D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO |
| Concelleiros/as | D. MANUEL COSTA CARNEIRO |
| | D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE |
| | D. ROGELIO LEMA MOUGÁN |
| | D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS |
| | D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ |
| | D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ |
| | D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN |
| | D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA |
| | D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ |
| | D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ |
| | D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE |
| | D ^a . MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY |
| Secretario | D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO |

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dezanove de xullo de dous mil dezanove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (30/01/2019)

Dáse conta da acta do pleno celebrado o 30/01/2019 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación provisional, se procede, da imposición da taxa pola utilización dos servizos do Centro Coworking de Vedra e da ordenanza fiscal reguladora da mesma.

O Pleno do concello, en sesión ordinaria celebrada o día trinta de xaneiro, aprobou as bases polas que se rexe o proceso de admisión aos servizos Centro Coworking de Vedra, sito no lugar de Galegos –Santa Cruz de Ribadulla, concretamente nun coche motor Renfe acondicionado aos efectos, situado no entorno da Antiga estación de Ferrocarril.

Na base 11 das mesmas establécese que os cesionarios deberán facerse cargo do importe correspondente ao espazo cedido.

Considerando o disposto nos artigos 15 a 17, e 10 a 27 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:



PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a imposición da taxa pola utilización dos servizos do Centro Coworking de Vedra, e a ordenanza fiscal reguladora da mesma, cuxo texto é o seguinte:

“ORDENANZA FISCAL NÚM. 29 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS DO CENTRO COWORKING DE VEDRA

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este concello establece a taxa pola utilización dos servizos de apoio ao emprendemento que se desenvolvan no centro de espazos compartidos Centro COWORKING DE VEDRA, cuxa exacción se realizará con suxeición ao previsto na presente ordenanza fiscal.

Artigo 2º.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización e aproveitamento das instalacións, así como a prestación dos servizos inherentes ao centro, como son subministración de auga, calefacción, enerxía eléctrica, servizos de limpeza de espazos comúns e recollida selectiva de lixo.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos da taxa contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte o establecido no feito imponible.

Artigo 4º.- Responsables.

Serán responsables solidarios das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores de feito e de dereito das persoas xurídicas, os integrantes da administración concursal e os liquidadores de sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Artigo 5ª.- Base Imponible.

A base imponible sobre a que se determinará a cota tributaria configúranse a cantidade de horas de ocupación do posto de traballo.

Artigo 6º.- Cota tributaria.

Despachos individuais: 50,00 euros/mes.

Espazos comúns: 10,00 euros/mes.

Utilización puntual: 20 euros/día ou 60 euros/semana.

Artigo 7.- Exencións e bonificacións.

Establécense as seguintes bonificacións:

7.1.- Bonificacións dun 50% para o primeiro ano e un 25% para o segundo ano nas cotas para os colectivos desfavorecidos, mulleres, mozos/as, persoas con discapacidade



(mínimo 33%), desempregados de máis de 50 ou máis anos, e desempregados de longa duración.

7.2.- Bonificaranse co 100% da cota para as asociacións, centros de ensino ou colectivos autorizados polo concello.

Artigo 8º.- Devindicación.

A taxa devindicarase cando se inicie o aproveitamento, momento que, a estes efectos enténdese que coincide co da concesión da autorización.

A taxa devindicarase ao inicio do mes.

Nos casos de cesamento do uso das instalacións, procederase ao rateo mensual correspondente ao período real de ocupación.

Artigo 9º.- Réxime de declaración e ingreso.

As cantidades esixibles conforme ás tarifas previstas no artigo 6 desta ordenanza liquidaranse por cada aproveitamento autorizado ou realizado.

Cando existindo autorización, non sexa efectiva a ocupación por causa imputable ao suxeito pasivo, non procederá á devolución da taxa, agás nos supostos de cese da actividade debidamente acreditada en forma e prazo.

Artigo 10º Infraccións e sancións.

En todo ao relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que lle correspondan a estas, en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Disposición adicional primeira.

As modificacións que se introduzan no regulado nesta ordenanza polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra Lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, de ser o caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición adicional segunda.

PRIMEIRO.- As cotas tributarias fixadas no artigo 6 da presente ordenanza modificaranse anualmente de acordo coa variación do índice de prezos ao consumidor que sinale o Instituto Nacional de Estatística.

O resultado da aplicación deste índice redondearase sempre, por exceso ou defecto, á centena superior ou inferior.”

SEGUNDO.- Expoñer ao público o anterior acordo mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, durante un prazo de trinta días hábiles, contados a partires do día seguinte ao da publicación do mesmo no BOP, para que os interesados poidan examinar o correspondente expediente e presentar as alegacións oportunas.

TERCEIRO.- No caso de que non se presenten alegacións ao expediente no prazo anteriormente citado, o acordo entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das facendas locais.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, di que entende que os prezos van quedar como falaron xa na comisión informativa.



Posta a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

3º.- Aprobación provisional, se procede, da modificación puntual do PXOM relativa ao ámbito SUND-4 Parque Empresarial de Vedra.

Dáse conta do informe da comisión informativa de urbanismo e plans celebrada o 18/02/2019 no que di que o Pleno do Concello aprobou con data do 19 de xullo de 2017 o expediente de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal sobre as condicións de desenvolvemento do SUND-4. Parque Empresarial de Veda.

Logo de remitido ao órgano autonómico competente, con data do 11 de abril de 2018 da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio emite orde na que resolve non outorgar a aprobación definitiva a modificación pretendida, que deberán redactar os documentos modificados precisos para emendar as deficiencias sinaladas no apartado III 2 da orde mencionada e que, logo dos trámites oportunos deberán elevarse ante a consellería para a súa aprobación definitiva.

Logo de modificado, por don Fermín González Blanco en calidade de arquitecto e con data do 23/10/2018, o proxecto técnico, logo de requiridos os informes de Augas de Galicia, Consellería de Medio Rural e Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, que foron emitidos con data do 12/12/2018, Consellería do Medio Rural; 17/12/2018, Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático; 4/2/2019, Augas de Galicia, e incorporados ao expediente.

Logo dos informes técnico e xurídico que se incorporan ao expediente e á vista do disposto nos artigos 60 e seguintes da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o seu regulamento, propónse ao Pleno :

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o proxecto modificado, asinado por don Fermín González Blanco e de data do 23/10/2018, da Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal sobre as condicións de desenvolvemento do ámbito de solo denominado SUND-4. Parque empresarial de Vedra e nos termos do expediente tramitado.

SEGUNDO.- Unha vez dilixenciado, elevar o expediente da mencionada modificación puntual do PXOM, xunto cos proxectos, á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva.

A Presidencia di que como xa se informou na comisión e xa se debateu intensamente no seu momento, o seu grupo reitérase nas súas posicións e remítese ao dito no seu momento.

Chegados ao punto ante a aprobación definitiva, a Xunta solicitoulles incorporar de forma detallada o documento de modificación de todas as alteracións propostas de xeito que se eliminen os elementos das redes que xa non se executarán e se incorporen os novos que os substitúen establecendo a relación destes ao concello. É unha cuestión de forma, de incorporar unha serie de fichas e planos que ían sen eles; unha vez feito isto levarase de novo logo dos trámites oportunos. Entende que é bo traer de novo a pleno a aprobación provisional para evitar problemas de forma, e probablemente tamén da publicación e despois levalo outra vez á Xunta de Galicia para a súa publicación definitiva.



Solicita o voto a favor.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE di que o seu grupo quere escoitar primeiro ao portavoz do BNG-AA antes de manifestar a súa opinión.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que primeiro lendo o informe que manda a Consellería de Ordenación, no punto 6 dos antecedentes indica que non se presentaron alegacións. O portavoz do BNG-AA presentou unha alegación, polo tanto, existe un erro.

Posteriormente, no mesmo importe, no apartado do punto 9 di: “ o arquitecto municipal emite un informe técnico desestimando a alegación presentada e favorable ao proxecto redactado”. Entende que ese informe redactado por Fermín é o correspondente ao que denega a súa alegación. Sorpréndelle que dita alegación non fora elevada á consellería correspondente. Pregunta como puido suceder iso, sendo unha alegación en forma e trámite correctos e ten que ser respondida dende o concello de Vedra polo arquitecto municipal; e como é posible que na consellería, primeiro non lle aparezan as alegacións e posteriormente apareza unha contestación á súa alegación que non saíu do ámbito municipal. Parece que os técnicos da consellería en ningún momento leron esa alegación.

Por outro lado, entregou un informe no que solicita que sexa incorporado á acta do pleno e que sexa elevado á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación Xeral do Territorio e Urbanismo á maior brevidade posible.

O informe di o seguinte: “Na resolución da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo), con rexistro de entrada nº 500 do 16/04/2018 no apartado IV “resolución”, indícase que o concello – “deberá redactar os documentos modificados precisos para emendar as deficiencias sinaladas no apartado III 2 desta orde; e elevaraos, logo dos trámites oportunos, ante esta consellería para a súa aprobación definitiva”.

A día de hoxe non teñen o informe. Van facer unha votación cunha modificación parcial do PXOM sobre algo que non teñen.

Segue dicindo no informe que “a data de 20/02/2019, o BNG-AA de Vedra non tivo acceso ao informe do arquitecto municipal, editado o 21/12/2017, onde sinala que se está a tramitar un proxecto de execución de colectores dunha nova estación depuradora que afecta á maior parte da conca onde se sitúa o ámbito, o que dá vías de solución á problemática así suscitada”.

O proxecto que fan é unha especie de sectorización. Collen toda a densidade da depuradora de Ribeira e divídeno en dúas novas: a de Ribeira e outra en Fontao.

A depuradora de Ribeira orixinal ten unha capacidade de habitantes equivalentes de aproximadamente 2000 habitantes. A nova proposta ten, segundo o informe que entrega o propio arquitecto municipal, unha capacidade de 500 habitantes equivalentes.

O criterio para o cálculo dos habitantes equivalentes establécese no RD 11/1995, e a directiva 91/271.

No cálculo de habitantes-equivalentes para a depuradora, participan non só as persoas que viven na zona afectada, senón tamén as explotacións gandeiras a razón da seguinte equivalencia:

- 1 vaca=4 h.e.
- 1 porco=3 h.e.
- 1 ovella=3 h.e.
- 1 galiña=2 h.e.



Nese cálculo obviaron que esta depuradora recolle as maiores explotacións gandeiras que hai no concello (3 granxas de vacún con aproximadamente 70 cabezas cada unha, unha con 10 cabezas e unha granxa de porcos con aproximadamente 200 cabezas).

Un cálculo aproximado dos habitantes equivalentes, só tendo en conta esas granxas suporían 1000 habitantes equivalentes. A poboación estimada da parroquia de Vedra é de 600 habitantes e da área afectada pola depuradora de Fontao (tendo en conta que recolle colexio, centro da terceira idade, biblioteca, pavillón, etcétera, supera amplamente os 500 habitantes. Polo tanto, a depuradora de Fontao debería soportar unha capacidade de 1.500 habitantes equivalentes.

Polo tanto, a depuradora en proxecto non ten capacidade para cubrir a demanda da anterior depuradora de Ribeira.

Solicita que o informe que presentou en pleno sexa elevado á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio á maior brevidade posible.

As dúas depuradoras que teñen planificadas non chegan aos 1.000 habitantes equivalentes. Só contabilizaron os habitantes, non toda a carga que establece o Real Decreto, que é imprescindible contabilizar no ámbito rural.

Por todo isto, o seu voto vai ser en contra.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE di que o seu grupo no seu día votou a favor dese plan de sectorización e naquel momento quedaba claro que a nova depuradora ía ser de menor capacidade e obrigaba aos futuros usuarios do polígono industrial a depurar as súas propias augas.

A intervención do portavoz do BNG-AA cuestiona todo iso. O arquitecto municipal emite o 26 de xuño un informe técnico desestimando a alegación presentada, e entende que a alegación presentada tiña que ser contestada pola Xunta de Galicia.

Se ben é certo que todos os informes son favorables, hai días saíu nas noticias que uns veciños de Lalín conseguiron evitar o paso dunha liña de alta tensión por uns terreos protexidos con informes favorables da Xunta de Galicia, e o TSXG botouno para atrás.

Anuncia a abstención do seu grupo.

A Presidencia contesta que en relación á alegación presentada polo Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, imaxina que levaría a tramitación correcta. O que leu no informe non deixa de ser un resumo de antecedentes feito por un funcionario da Xunta de Galicia. O importante é que a alegación tivera a tramitación correcta.

Por outro lado, o que presentou hoxe en pleno, son cuestións técnicas e non ten ningún problema en que sexan incorporadas ao Pleno e ao expediente.

Imaxina que esas modificacións formuladas polos técnicos municipais, nos cales confía, os cálculos que fan en canto a habitantes equivalentes, serán do mesmo xeito que cando se fixo o PXOM.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que este documento é unha modificación puntual do PXOM, do 2017, onde se inclúen os 500 habitantes equivalentes en cada unha das dúas depuradoras. Se resulta que na súa orixe estaban entre 1.000 e 2.000 e agora reparten en dúas de 500 e non tiveran en conta iso daquela, a pesares de figurar na alegación o erro cometido no cálculo, é evidente que non son suficientes.

A Presidencia di que son cuestións técnicas que non se van resolver no pleno. Daráselle a tramitación oportuna.



O SR. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que lle gustaría saber por que na consellería non consta ningunha alegación, e o único que consta é unha contestación a unha alegación no ámbito municipal. Pregúntalle ao Sr. Secretario porque a súa alegación non chegou á consellería, cando foi presentada en tempo e forma.

Posta a votación, apróbase con sete votos a favor do PP, catro abstencións do PSdeG-PSOE, e dous votos en contra do BNG-AA e o concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde.

4º.- Acordo, se procede, sobre ratificación do expediente de cesión gratuíta de parcela á AA.VV de Ponte Ulla con destino a cemiterio parroquial.

Dáse conta do expediente de cesión gratuíta do seguinte ben inmovible á AA.VV Virxe de Gundián de Ponte Ulla, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 27 de abril de 2015, instruído de conformidade cos requisitos previstos nos artigos 109 e 110 do Regulamento de Bens das Corporacións Locais, e aprobada polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o 27/04/2015.

Parcela núm. 387 do polígono 508 de concentración parcelaria de Ponte Ulla, adquirida polo concello mediante adxudicación directa, a título gratuíta, do Agader, en virtude de acordo de data 24 de marzo, con destino a cemiterio parroquial.

Proponse:

Primeiro: Ratificar o expediente de cesión gratuíta de citada parcela á AA.VV. Virxe de Gundián.

Segundo.- Condicionar a citada cesión ás condicións impostas polo Agader no acordo de cesión:

2.1.- O inmovible destinarase á cemiterio parroquial.

2.1.- Se o ben cedido non se aplica ao fin sinalado no prazo de dous anos dende o outorgamento do documento de cesión, ou deixa de estalo con posterioridade, se se descoida ou utiliza con grave quebrantamento, considerarase resolta a cesión e o ben revertera á entidade cedente.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, manifesta a súa sorpresa en que o concello tarde máis de unha lexislatura en solucionar unha deficiencia dunha chapuza no expediente no seu día.

A parcela é unha masa común froito das achegas dos veciños e veciñas de Ponte Ulla, que agora se lle cede a unha entidade privada sen ánimo de lucro. Pensa que non sería nada bo que esa propiedade puidese acabar noutra entidade privada como a Igrexa. En todo caso, entende que hai que emendar a situación que o grupo de goberno non foi capaz de facer en toda unha lexislatura e anuncia o seu voto a favor.

Posta a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

5º.- Dar conta do Período Medio de Pago do 4º trimestre de 2018.

Dáse conta do Período Medio de Pago do 4º trimestre de 2018 que é de 15,40 días.

O Pleno dáse por informado.

6º.- Moción da Agrupación local de Vedra do Partido dos Socialistas de Galicia con motivo do día 8 de marzo, Día Internacional da Muller.

Declárase a urxencia deste punto que é aprobada por unanimidade dos asistentes.



Deseguido dáse conta da citada moción na que expoñen que no *Día 8 de Marzo*, un ano máis, o Grupo Municipal Socialista manifesta o seu compromiso coas mulleres, coa defensa dos seus dereitos e coas políticas de igualdade como instrumento para avanzar cara unha sociedade democraticamente máis xusta e equilibrada na toma de decisións entre homes e mulleres.

Sinalan que no ano pasado trouxeron ao pleno unha moción sumándose á folga de dúas horas convocada por distintas organizacións, sendo un éxito debido ao seguimento e supuxo un recordatorio das reivindicacións que levan reclamando durante moitos anos o chamado movemento feminista, pero dado que parece que algúns pretender retroceder en acordos aceptados polos partidos políticos e nos logros acadados nos últimos anos en temas como a Lei contra a violencia de xénero, a Lei do aborto,...solicitan a aprobación polo Pleno dos seguintes acordos:

Primeiro.- Todos os Grupos Municipais sumámonos á iniciativa dos Sindicatos maioritarios (UXT e CC.OO) de convocatoria de paro de dúas horas no día do 8 de marzo e animamos aos e ás traballadoras a sumarse a iso, como unha medida máis de concienciación e sensibilización sobre da situación de discriminación das mulleres no ámbito laboral e en todos os ámbitos da sociedade.

Segundo.- Reiterar aos Grupos Parlamentarios representados no Congreso dos Deputados o compromiso deste concello coas políticas de igualdade e a nosa disposición a loitar para que non se dea nin un paso atrás no acadado ata este momento.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo entende que o movemento feminista é un movemento social con apoio da gran maioría da sociedade. Solicita o apoio a esta moción e anima a todas as mulleres a participar nese paro de dúas horas.

Posta a votación, apróbase por unanimidade.

7º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

--Ás preguntas formuladas polo Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, a Presidencia responde:

1º.- Sobre o custe dos focos da pista de rodadura en Vedra di que é de 784 € IVE engadido.

2º.- Respecto das medidas concretas que tomou o concello este ano para o asentamento da poboación, responde que continúan coa campaña de empadramento fundamentalmente da xente que vive en Vedra e non está empadroada. No ano 2018, ademais hai un feito importante cara favorecer ese asentamento de poboación xa que se lle presentou á Xunta de Galicia as melloras do transporte metropolitano en Vedra. Gran parte desa proposta foi un traballo conxunto con Teo e cre que é unha oportunidade histórica e un feito que pode cambiar a dinámica de Vedra se é estimada a proposta feita na súa totalidade.

--Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, a Presidencia responde:

1º.- Respecto a cantos son os plans parciais que se aprobaron sobre o PXOM actual e a quen afectan, responde que son seguintes:



- a.- Proxectos xa realizados con aprobación definitiva de iniciativa particular: plan especial de protección da finca en Pousada de Abaixo.
- b.- Proxectos xa realizados con aprobación definitiva de iniciativa municipal: modificación puntual do PXOM de diversos espazos públicos de varias parroquias do concello.
- c.- Proxectos en tramitación de iniciativa particular: plan especial de protección en Ponte Ulla da finca de Louzao; proxecto de sectorización do parque empresarial de Lata como propietario único en San Miguel de Sarandón e o plan especial da serra de Caldelas (minas Ramsa).
- d.- Proxectos en tramitación de iniciativa municipal: plan especial de protección de Ponte Ulla, que está pendente da aprobación definitiva que deberá chegar proximamente; modificacións do parque empresarial; proxecto de sectorización do parque empresarial, e reactivaranse as modificacións puntuais do PXOM cun proxecto piloto de modificación de 3 ou 4 núcleos para saber cal vai ser a resposta da Xunta de Galicia en relación á revisión deses núcleos.

2º.- A pregunta de por que non se xerou un PXOM novo, queda para o seguinte pleno.

--Ás preguntas formuladas no pleno anterior, a Presidencia contesta:

--Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre a présa para solicitar o préstamo, di que teñen que ter o crédito antes de licitar, xa que non se pode aprobar sen ter o crédito.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE pregunta se afecta en algo onde vai ser a situación das depuradoras, ao que a Presidencia responde que non, que sen esa autorización non poden licitar.

2º.- Sobre o preito co BBVA respecto deses 80.000 € do polígono, pregunta cal é a situación nestes momentos e en que fase está por parte da Deputación, di que aínda non pagaron e que seguirán pedindo información para ver en que situación está ese tema.

3º.- Respecto ás mocións presentadas e aprobadas en Pleno sobre unha lista de acollemento para persoas refuxiadas, e outra sobre a homenaxe a Mariano Lema, responde que neste mes de marzo habilitarase ese Rexistro municipal para familias de acollida de persoas refuxiadas e que tentarán anunciálo no boletín de marzo.

En canto á homenaxe a Mariano Lema di que será o venres 29 de marzo arredor das 19:00/20:00 horas.

4º.- Sobre se o día un de xaneiro se celebra o día de San Manolo, tal e como aparece nos almanaques municipais, en honra ao Sr. Costa Carneiro, di que non precisa contestación.

--Ás preguntas formuladas polo Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre o cumprimento da Lei de memoria histórica, di que como lei que é será cumprida como non pode ser doutra maneira.

2º.- Respecto a que se actualice a páxina de youtube do concello e a unha cámara e un altofalante para o son de ambiente, di que toman nota,

3º.- Sobre cando van comezar as obras no CPI de Vedra, di que xa está contestada.

4º.- Respecto do cambio da situación das Xornadas arredor da Camelia, di que cada tres ou catro anos intentan darlle unha volta para seguir innovando e progresando, ao mesmo tempo que lle recorda que xa se fixo nese espazo noutras ocasións.



5º.- Sobre o arranxo das tubaxes en Paizás, di que se van arranxar e repasar algunha pista.

6º.- Respecto á copia do informe dos lodos no río Ulla, di que xa foi entregado.

7º.- Sobre como se distribúen os cartos das dotacións aos partidos políticos do concello, contesta que non son 13.000 € para os partidos polficos, senón 4.320 €. O erro vén de que cando se fixo o cálculo a multiplicación fíxose por meses e non por trimestres.

8º.- Respecto á campaña “En negro contra a violencia” di que o grupo de goberno non ten ningún problema en participar cando volvan sacar a campaña.

--Ás preguntas do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, a Presidencia responde:

1º.- Respecto da reunión do día cinco de febreiro en Madrid sobre a contratación da renovación da iluminación pública, di que foi unha reunión produtiva. Como proxecto individual, Vedra é das entidades de España que máis euros recibe. Para eles é tamén a primeira vez; que este tipo de subvencións ten varias liñas, e é a primeira vez que subvencionan a parte de inversión dunha ESE, e que traballan cun proxecto adxudicado a unha ESE e sèrvelle de referencia cara o futuro. Por outro lado, Vedra é a entidade que está máis avanzada na tramitación. Ata o momento estase facendo todo correcto e dentro dos parámetros requiridos pola convocatoria.

Nesa reunión os técnicos do Ministerio amosaron tranquilidade cando coñeceron que a FAEPAC era un dos organismos que estaba asesorando neste tema. Tamén lles facilitaron directrices sobre a documentación xustificativa e o total apoio e colaboración ante calquera contratempo.

En conclusión, antes de 2022 o que é a propiedade/titularidade da iluminación pública ten que volver ao concello. Hai que certificar toda a obra e facer o pago desa inversión e automaticamente fan o pago da subvención. Recomendán facer todo iso nun mesmo período temporal.

Intervén o Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, pregunta se a Presidencia está dicindo queten de aquí a 2022 para conseguir que Ferrovial ceda novamente a propiedade da iluminación pública nun concurso que tiña a 12 anos.

A Presidencia replica que hai unha serie de condicións, porque eles teñen esa propiedade a 12 anos para a amortización da inversión que eles fan. Se a amortización se fai antes, non hai ningún problema para devolver a titularidade da iluminación pública.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, pregunta se iso quere dicir que van ter un beneficio de 9 anos.

A Presidencia di que se na prestación P4 (inversión) hai que pagar 90.000 €/ano, por poñer un exemplo, unha vez que a empresa cobre esa inversión, esa prestación P4 xa non se paga máis.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que en resumo, de aquí ao 2022, o grupo de goberno ten que conseguir que devolvan a propiedade. Tecnicamente dende que asinan o contrato ata 12 anos perténcelle á empresa. Pregunta que pasaría se non a devolven, e se van confiar en que Ferrovial devolva de aquí ao 2022 a propiedade que teñen baixo concurso 12 anos, e senón quédase sen 700.000 €.



A Presidencia contéstalle que fai unha interpretación errónea. É unha concesión a 12 anos con varias prestacións, e unha delas é unha inversión que eles van facer toda nos primeiros meses e que van ir recuperando mediante ese pago ou amortización durante tantos anos. Se se amortiza todo nun ano, xa non hai xustificación xurídica para que siga sendo propiedade deles e volve a propiedade para o concello.

Así mesmo, infórmalle de que xa está falando coa empresa adxudicataria e agora o que hai é que buscar a mellor forma xurídica para resolver esta cuestión.

Intervén o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, par dicir que esta lea na que se meteu o concello deriva da chapuza de pregos amañada para que o resultado fora a adxudicación a esa empresa. Sinala que a situación pode resultar bastante gravosa, porque mentres as instalacións sexan de titularidade da empresa adxudicataria, iso ao concello contabiliza como un gasto; mentres que dende o momento que o concello recupere a titularidade das instalacións, toda esa amortización compútase como investimento. De tal maneira que pode ser que momo resultado desa chapuza de operación, na seguinte lexislatura, o concello teña dificultades á hora de executar certos investimentos, cumprir coa regra de gasto, etcétera.

A Presidencia cre que é unha moi boa cuestión para o concello, non unha chapuza; e o tema da subvención significa unha noticia moi positiva economicamente para o concello.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que é unha catástrofe e un erro da FAEPAC, á cal el non lle pagaba. Se a FAEPAC sabe as condicións do IDAE e non coloca ningunha ferramenta no propio contrato para que a devolución sexa no ano 2022 é un erro monumental.

A Presidencia di que está convencido de que non vai haber ningún problema e de que hai solucións legais perfectamente habilitadas para resolver esta cuestión e xa está falado co Ministerio e co IDAE.

Di que non sabe para que contesta ás preguntas dos plenos, porque di unha cousa e interpretan a contraria.

Di que é unha novidade para o IDAE e para o concello, e que foron a Madrid para resolver cuestións técnicas nas que existían dúbidas. Invítaos a asistir a próxima vez con el.

2º.- Respecto do o estado de contas do convenio entre o concello e os propietarios do polígono industrial, di que llas enviará no día de hoxe por mail.

3º.- Sobre os terreos do plan especial de solo dotacional en Xián, di que a documentación está na notaría para asinar e nestes días estaba pendente unha documentación da propia empresa. Espera que no seguinte pleno xa estea asinado.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, replica que iso mesmo foi o que dixo hai catro meses en pleno.

A Presidencia contesta que se lle reiterou o tema á Consellería de Medio Ambiente.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta se non se lle fixo ao propietario, e se se lle fixo a notificación é porque o coñecen.

A Presidencia responde que a Medio Ambiente si se lle fixo, pero non sabe se se lle fixo ao propietario. Ao propietario fixéronselle notificacións, pero nunca as recolleu.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta se ese é o mesmo propietario que vai ir á notaría asinar a devolución desa propiedade, cando nin sequera recolleu as notificacións.



A Presidencia di que o concello derivou o tema á Consellería de Medio Ambiente e esta fará as publicacións oportunas nos boletíns correspondentes se alguén non recolle as notificacións.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta se a Presidencia considera este asunto unha cuestión urbanística, porque se incumpre o plan parcial, ou o considera outra cousa.

A Presidencia di que esa é unha pregunta técnica que lle tería que contestar no seguinte pleno.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, recórdalle que o concello leva 6 meses prestándose para asinar a devolución desa propiedade e aínda non se produciu, así como que supón que na notificación terán algunha consideración os feitos.

4º.- Sobre a devolución do aval á empresa que executou as obras de reforma do campo de fútbol de Vedra di que lle contestará no seguinte pleno.

5º.- Respecto ao Camiño Miñoto di que si considera de interese para o concello o desenvolvemento e a posta en uso e en valor do mesmo, por iso o concello de Vedra foi un dos impulsores xunto co concello de Cortegada e outros do Ribeiro da creación da Asociación Camiño Miñoto-Ribeiro.

Xa se iniciaron os trámites e traballos para declaralo camiño de interese cultural, que é o primeiro que hai que tramitar. Cónstalle a existencia dun equipo de investigadores e arqueólogos que están facendo o traballo en todos os concellos e entende que non entra en conflito co desenvolvemento do polígono industrial.

6º.- Sobre se existe algún paralelismo entre a Cidade da Cultura de Fraga e a Estación de Santa Cruz de Ribadulla do Sr. Martínez Carrillo, di que é un comentario co que non está de acordo.

--Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, a Presidencia responde:

1º.- Respecto da ampliación do CPI de Vedra, di que é un rogo.

2º.- Sobre como é posible que o concello de Boqueixón con 700 habitantes menos teña no seu centro de saúde un ATS máis ca en Vedra, di que preguntou en Xerencia e lle dixeron que son prazas que estaban así de antigo e que se manteñen porque hai dous consultorios, no Forte e en Lestedo.

3º.- Respecto á inauguración do arquivo histórico de Vedra e se a homenaxe a Mariano Lema tería que ser nesta lexislatura, di que xa están contestadas.

4º.- Sobre a FAEPAC e os conflitos que xeraría ese contrato co IDAE e canto se lle pagou por ese asesoramento, di que ten claro que esa institución non é do seu agrado. Recórdalle que é unha institución dependente da Deputación de A Coruña, gobernada actualmente polo PSdeG-PSOE e o BNG-AA.

Que el saiba a FAEPAC non plaxiou ningún informe enerxético e neste momento existe un convenio anual con esa institución por un importe de 3.328,95 €/anuais dende que se comezou co proceso da ESE.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que o feito de que sexa gobernada polo BNG-AA non quere dicir que non haxa incompetentes.

6º.- Respecto a que se borren as pintadas que hai en Trobe, di que toma nota e farase o máis pronto posible.

7º.- Sobre a adhesión á campaña “En negro contra a violencia, di que xa está contestada.

8º.- Respecto á devolución do aval da pista de rodadura de Vedra, di que é un comentario que non comparte.



8º.- Rogos e preguntas.

--Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Na páxina web bota en falta certos contidos. A obra de abastecemento do POS+2018 entende que está adxudicada e asinouse o contrato con OVIGA. Non a atopa por ningún lado. Quere saber que día se asinou o contrato e que día comezaron as obras, xa que teñen un prazo de 6 meses.

Por outro lado observa que están publicadas as subvencións que convoca a Xunta de Galicia para as asociacións, pero non hai nada publicado das subvencións da Deputación de A Coruña en cultura, deporte, etcétera. Parécelle que usan os recursos do concello para facer propaganda partidista. Haberá xente á que lle resulte máis fácil acceder a esas subvencións dende a páxina web do concello.

2º.- Con respecto á pista entre a estrada da Deputación DP-2803 e o concello de Teo, a que está antes da ponte sobre a autopista, que pertence ao termo municipal de Santiago; o grupo socialista ten solicitado o arranxo deses 200 m de pista xa que son moi usados polos veciños, sobre todo os de San Xián.

Hai dez días estivo co alcalde de Santiago e preguntoulle por esa pista, e díxolle que ninguén tiña solicitado ningún tipo de arranxo.

Roga que por favor faga a petición por escrito.

3º.- Sobre o préstamo, pregunta se eses cartos están dispoñibles nunha conta ou se están facendo uso deles.

4º.- O ano pasado aprobouse o II Plan de Igualdade do concello de Vedra, dotado con 141.000 € para desenvolver distintas accións entre o 2018-2022. Quere saber se nos orzamentos deste ano está incluída algunha partida, que accións se están levando a cabo e cales pensar executar. Pregunta onde está esa partida que debería ser duns 35.000 € anuais.

--O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Respecto da Deputación de A Coruña, comenta que parece que ao grupo de goberno lle amola que estea a facer as cousas ben. Di que non se trata de ser os bos ou os malos. Recorda que o Sr. Feijoo, cando a xente se estaba a manifestar pola sanidade pública galega, el estaba a manifestarse en Madrid con grupos de extrema dereita, fascistas, cando debería estar solucionando as realidades sociais de Galicia. Pregunta se eses eran os bos ou os malos.

A Deputación está a facer un bo traballo aínda que lle amole ao grupo de goberno municipal e a pesares de que a FAEPAC sexa cativa.

2º.- En Tomonde, no lugar de Lagos, estase realizando unha obra de saneamento, e polo visto hai unhas casas que estaban vertendo residuos ás cunetas e parece ser que se están a conectar. Ese saneamento vai desembocar nunha cuneta nunha costa abaixo. Pregunta se a obra vai seguir máis tramo, onde se vai conectar e se esas casas están conectadas.

3º.- Pregunta se vai haber Entroido Municipal este ano ou algún tipo de actividade.

4º.- Segue sen esta arranxado o local do grupo municipal do PSdeG-PSOE e roga que se coloquen caixas de correo na entrada para que a xente poida deixar alí as súas suxestións.

5º.- Informa ao grupo de goberno que hai uns días saíu a convocatoria do PEL Concellos da Deputación.

6º.- Na comisión informativa a Presidencia presumía de que o concello era moi transparente no tema da dispoñibilidade da documentación para os concelleiros. Volve solicitar que busquen alternativas para acceder a esa documentación de xeito telemático.



7º.- Saíu nas noticias que o Sergas vai por a disposición de Boqueixón e Vedra unha enfermeira pediátrica. Cre que iso non deixa de ser un remendo para calar a nefasta xestión da sanidade pública galega, e é máis unha medida electoralista tal e como pasou hai uns anos co cobro dos dereitos reais para as herdanzas.

O problema real é que Vedra con 5.000 habitantes ten dúas enfermeiras, e Boqueixón con 4.500 habitantes ten tres. Pensa que isto se debe a que a Presidencia non ten os contactos idóneos para este tipo de cousas.

Se Vedra ten dereito a esa enfermeira, o grupo socialista municipal solicita que o goberno municipal reclame esa enfermeira a maiores.

8º.- Pregunta que opina dunha noticia que saíu nos medios na que os estudantes da USC suspendía ao transporte metropolitano, e unha delas era unha rapaza de Vedra que dicía que era nefasto o transporte.

Agradece as propostas levadas a cabo por iniciativa do concello de Teo e pide que fagan forza para conseguir mellores liñas de transporte para Vedra.

9º.- Hai uns meses saíu a campaña WI-FI FOR EU, na que se daba acceso gratis de wi-fi para espazos públicos e Vedra presentouse a esa solicitude. Parece ser que Vedra non está nesa primeira lista. Pregunta por que Vedra quedou fóra desa convocatoria.

--O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta:

1º.- Di que cre ao Sr. Alcalde cando di que o seu goberno ten interese polo Camiño Miñoto; o que pasa é que ese interese tradúcese en nada.

O camiño está en moitos tramos intransitable, noutros executáronse moitas accións inviables e non pasa nada. Aproveitando que Vedra ostenta a vicepresidencia desa asociación solicita que adopte algunha medida en concreto contra unha carballeira centenaria á entrada de Pazos. Concretamente cortouse unha ringleira de carballos situada na parte alta dun roleiro que definía unha correioira, elemento típico e diferencial, e que quedou destruído.

Pregunta se ten pensado facer algo ao respecto.

2º.- Respecto da iluminación pública, o concello encargou un proxecto do cal derivou a subvención do IDAE, e quere saber a discrepancia ou concordancia entre o orzamento do proxecto elaborado polo concello e a proposta orzamentaria da empresa adjudicataria polo P4. Pregunta cal é a variación entre un e outro en porcentaxe.

3º.- Sobre o pagamento dos terreos pola ampliación da estrada da Deputación en Sarandón, pregunta se se pagaron terreos que xa eran de dominio público, ben porque houbera cesión previamente deles mediante algún tipo de acto, ou ben por unha cesión de facto porque se executaron obras con posterioridade ao plan xeral co cal xa se fixera a cesión. Refírese a peches e outro tipo de edificacións que ben foron feitas con posterioridade ao PXOM ou ben regularizadas con posterioridade ao PXOM.

Pregunta se neses casos se fixo o pagamento da ocupación deses terreos con cartos públicos.

4º.- Respecto do PXOM, di que a Presidencia leva dúas lexislaturas prometendo a modificación do PXOM. Cre que comparten a opinión de que o PXOM é un PXOM especulativo, feito á moda da burbulla inmobiliaria do momento e que non é un PXOM para xente de Vedra. Cando a burbulla pinchou, do solo urbanizable urbano non delimitado ou apto para urbanizar, durante o goberno do PP non se executou nin urbanizou un só m², co que hai razón máis ca de sobra par considerar a modificación dese PXOM e que é necesario trasladar ese aproveitamento lucrativo que estaba nos solos urbanizables ás contornas dos núcleos.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Pregunta se para a seguinte lexislatura vai ter a cara de dicirlle á veciñanza que vai modificar novamente o Plan Xeral.

--O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, pregunta:

1º.- Respecto ao contrato con Ferrovial pregunta se existe unha cláusula que indica que a partir dun número determinado de farois afundidos quen ten que pagar é o concello.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e cinco minutos.